

D^a Jacobo Barreiro Pimentel, Secretario do Concello de Ponte Caldelas, do que é Alcalde, D. Andrés Díaz Sobral,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno en data 29.06.2015 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

8.LICITACIÓNS E CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVAS:

8.1.Convocatoria da Mesa de Contratación para o contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana municipal , mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

Dase conta da proposta de Alcaldía redactada nos seguintes termos:

PROPOSTA DE ALCALDÍA **MESA DE CONTRATACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DE VIVENDAS EN** **CARITEL**

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

Á vista de que nos Pregos, na cláusula 6, establece que unha vez puntuadas as solicitudes, se confeccionará unha lista provisional na que constarán os admitidos coa súa puntuación correspondente, e os excluídos coa causa de exclusión. Os solicitantes poderán presentar alegacións no prazo de dez días dende a súa publicación. Vistas ditas alegacións e, no seu caso, a documentación achegada se confeccionará a lista definitiva de admitidos ordenándoa de maior a menor puntuación.

A mesa de contratación, á vista da lista resultante e os criterios de valoración establecidos, unha vez informados polos servizos sociais do Concello, propondrá motivadamente ó órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor dun licitante, establecendo unha orde de puntuación, quedando os demais na lista de reserva que será elaborada.

Por isto, **PROPOÑÓ Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

Primeiro: Convocar a Mesa de contratación para que proceda, en sesión pública, a dar conta do informe de servizos sociais, o día 01.07.15 ás 13:00 horas na Casa do Concello.

Segundo: Que se publique o presente no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

A vista da proposta de Alcaldía e das competencias establecidas en materia de contratación na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e do Decreto 288/2015 de data 16 de xuño de 15 de xuño de 2015 por o que se delegan as competencias en materia de contratación na Xunta de Goberno Local , a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes **ACORDA:**

Primeiro: Convocar a Mesa de contratación para que proceda, en sesión pública, a dar conta do informe de servizos sociais, o día 01.07.15 ás 13:00 horas na Casa do Concello.

Segundo: Que se publique o presente no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

E para que conste e aos efectos oportunos, coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, en Ponte Caldelas a 30.06.15.

O Alcalde,
Vº e Prce.

Asdo.: Andrés Díaz Sobral



O secretario,

Asdo.: Jacobo Barreiro Pimentel